BOP DIPUTACIÓN DE LUGO
VIERNES, 15 DE ABRIL DE 2016 Nº 086
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org
Dep. Legal: LU-1-1968
Admnistración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# XUNTA DE GALICIA

## XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DE LUGO

*Anuncio*

**Resolución do 5 de abril de 2016 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Outeiro de Rei (Expediente IN407A 2016/6-2, 8314 -AT)**

Para os efectos previstos na Lei 24/2013 do 26 de decembro (BOE nº. 310) do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro,(BOE nº. 310) polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.

- Domicilio Social: Polígono Empresarial As Gándaras-Rúa A-parcela U2-Lugo.

- Denominación:Substitución de apoio entroncamento der. Salete-LP Aguas.

- Situación: concello de Outeiro de Rei.

- Características Técnicas:

1-LMT aérea Aguas con orixe no apoio 67 proxectado tipo C-3000-14 e final no apoio 71 existente, cunha lonxitude de 430 metros en condutor LA-110.

2-LMT aérea Aguas derivación Salete con orixe no apoio 67 proxectado tipo C-3000-14 e final no apoio 2 existente, cunha lonxitude de 42 metros en condutor LA-56.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o proxecto e presentar as súas alegacións, nesta xefatura territorial, sita na Rolda da Muralla nº. 70-baixo 2- Lugo, no prazo de vinte días a partir do seguinte ao da última publicación desta resolución.

Lugo, 5 de abril de 2016.- Pilar Fernández López, Xefa territorial de Lugo

R. 0982

---

# CONCELLOS

## ALFOZ

*Anuncio*

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de setembro de 2015, aprobou inicialmente o cambio de trazados dos camiños 3-22 da concentración parcelaria, solicitado por D. Ramón Pernas Doval e Dª Mª Pilar Pernas Doval, veciños da parroquia de Lagoa, propietarios das finca 804, sita no lugar de Forxa e a de Mª Pilar Pernas Doval como propietaria da finca 802, sita no mesmo lugar divididas polo camiño público con referencia catastral nº 27002A103090000RZ (Nº 3-22 no plano da concentración parcelaria. De conformidade ao preceptuado no art. 8.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por R.D 1372/1986, de 13 de xuño, sométese a información pública por prazo de un mes, que computará a partir do día seguinte a da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial Provincial, a efectos de que calquera persoa interesada formule as reclamacións ou alegacións que estime pertinentes, considerándose definitivamente aprobado se no referido prazo non se formulara reclamación ou alegación algunha.

Alfoz, 7 de abril de 2016.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 1016

## BEGONTE

*Anuncio*

**CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL.**

Por Resolución da Alcaldía de 7 de abril de 2016, aprobáronse as bases que rexerán a selección mediante concurso de 2 Peóns Tractoristas, con destino ao Programa Municipal de Desbroce de Vías deste ano, en réxime laboral temporal polo prazo de 5 meses e unha xornada do 75%.

As devanditas bases están a disposición dos interesados na páxina web do Concello ( www.concellodebegonte.es ) e no Taboleiro de anuncios, sendo o prazo de presentación de solicitudes de 5 días hábiles a contar desde a publicación deste anuncio no " Boletín Oficial da Provincia."

Begonte, 8 de Abril de 2.016.- O Alcalde-Presidente, José Ulla Rocha.

R. 1017

*Anuncio*

**CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL.**

Por Resolución da Alcaldía de 8 de abril de 2016, aprobáronse as bases que rexerán a selección mediante concurso de 1 Oficial 2ª - Condutor e 4 Peóns , con destino ao Programa Municipal de Conservación e Reparación de Vías / Rebacheo deste ano, en réxime laboral temporal polo prazo de 5 meses e unha xornada do 75%.

As devanditas bases están a disposición dos interesados na páxina web do Concello ( www.concellodebegonte.es ) e no Taboleiro de anuncios, sendo o prazo de presentación de solicitudes de 5 días hábiles a contar desde a publicación deste anuncio no " Boletín Oficial da Provincia."

Begonte, 8 de Abril de 2.016.- O Alcalde-Presidente, José Ulla Rocha.

R. 1018

## CASTROVERDE

*Anuncio*

Faise público que por esta Alcaldía con data 7 de abril de 2016, ditouse a seguinte Resolución:

Tendo previsto ausentarme do termo municipal na vindeira semana, vistos os artigos 44 e 47 do Regulamento de organización e funcionamento das Entidades Locais, aprobado por RD 1568/1986, de 28 de novembro e visto o decreto de nomeamento de Tenentes de Alcalde de data 25 de xuño de 2015.

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar as función desta Alcaldía, dende o día 11 ó 17 do actual mes de abril, ambos os dous inclusive, no Primeiro Tenente de Alcalde, Don Eduardo Álvarez López.

Segundo.- Notificar esta resolución ó interesado, ordenar a publicación no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Castroverde a 7 de abril de 2016.- O Alcalde, Xosé Mª Arias Fernández

R. 0983

## CHANTADA

*Anuncio*

Polo Concello Pleno, na sesión extraordinaria celebrada o día 18 de marzo de 2016, adoptouse o seguinte acordo:

**"PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Chantada, nos termos que obran no expediente.

**SEGUNDO.** Abrir un período de información pública por un periodo de dous meses, mediante anuncios no Taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e ademais en dous dos xornais de maior difusión da provincia.

Durante dito período quedará o expediente, con tódolos documentos que integran o Plan Xeral, incluido o estudio ambiental estratéxico, a disposición de calquera que queira examinalo, para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

**TERCEIRO.**- Suspende-lo outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento, que abrangue a todo o termo municipal, e cuias novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente,

A suspensión afectará ás licenzas que sendo posibles co planeamento vixente, resultasen incompatibles co que se aproba inicialmente.

**CUARTO**.-A duración da suspensión será de dous anos e publicarase conxuntamente coa aprobación inicial.

**QUINTO.** Dar audiencia aos Municipios limítrofes simultáneamente e durante o mesmo prazo de información pública e sométase o Plan a consulta das Administracións Públicas afectadas e das persoas interesadas que tivesen sido previamente consultadas de conformidade co artigo 19 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

**SEXTO.** Recabar das Administraciones Públicas competentes os informes previstos pola Lexislación sectorial do Estado e da Comunidad Autónoma de Galicia".

O periodo de información pública do plan incialmente aprobado comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Chantada, 29 de marzo de 2015.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez

R. 0984

---

## A FONSAGRADA

*Anuncio*

Considerando que corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Considerando que o Sr. Alcalde atoparase ausente do Municipio durante 14 días. Por todo iso, en virtude do disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Delegar en D. José Ángel Fernández Carrín, Primeiro Tenente de Alcalde, a totalidade das funcións da Alcaldía, nos termos do artigo 23.3 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, durante o período de 18 días, entre o día 07.04.2016 ao 24.04.2016.

**SEGUNDO**. A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

**TERCEIRO**. O órgano delegado ha de informar a esta Alcaldía, a posteriori, e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé na o artigo 115 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**CUARTO.** A delegación conferida no presente Decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tacitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

**QUINTO**. A presente resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre.

**SEXTO.** No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en canto ás regras que para a delegación establécense en devanditas normas.

Mándao e asina o Sr. Alcalde, D. Argelio Fernández Queipo, en A Fonsagrada, a 6 de abril de 2016, do que, como Secretaria, dou fe.

O alcalde, Argelio Fernández Queipo

R. 0985

## GUITIRIZ

*Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía de 30 de marzo de 2016 o Padrón fiscal do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia correspondente aos meses de novembro e decembro de 2015, por un importe de 8.360,43 €.

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzcan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente Padrón, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ao remate da exposición pública do correspondente Padrón.

A cobranza en período voluntario será de dous meses contados a partir do día seguinte ó da finalización da exposición pública, e farase efectiva mediante o sistema de domiciliación bancaria.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 31 de marzo de 2016.- A Alcaldesa, Regina Polín Rodríguez

R. 1019

## GUNTÍN

*Anuncio*

Por medio de este anuncio se hace público que, el Ayuntamiento de Guntin, convoca concurso, para la licitación de un contrato de servicios: Servicio de Ayuda en el Hogar en el Ayuntamiento de Guntín, por procedimiento abierto y trámite ordinario.

1.- Entidad adjudicadora: Datos generales y datos para la obtención de la información:

a) Organismo: Ayuntamiento de Guntín (Lugo).

b) Dependencia que tramita el expediente: Secretaría.

2.- Objeto del contrato:

a) Tipo: Servicios.

b) Descripción: Servicio de Ayuda en el Hogar.

c) Duración del contrato: Tres años más uno de prórroga.

3.-Tramitación, procedimiento y forma de adjudicación:

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedimiento: Abierto.

c) Criterios de adjudicación: PRECIO, HORAS GRATUITAS DE SERVICIO.

4.- Presupuesto base de licitación: Hasta un máximo de 417.264,00€ para las cuatro anualidades, IVA incluido (4%).

5.- Garantía provisional: no se exige.

6.- Obtención de documentación e información:

1) Dependencia: Secretaría

2) Domicilio: Crta. de Santiago nº12

3) Localidad y código postal: Guntín (Lugo), 27211.

4) Teléfono: 982 320 001.

5) Telefax: 982 320 088.

6) Correo electrónico: concellodeguntin@gmail.com

7) Dirección de Internet del perfil del contratante: www.guntin.es

7.- Presentación de proposiciones:

a) Quince días naturales contados a partir del siguiente al de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, y que finalizará a las 14:00 horas. En el caso de resultar sábado o festivo el día de finalización del plazo, queda automáticamente prorrogado al día hábil siguiente.

b) Documentación que hay que presentar:

Véase pliego de cláusulas administrativas y de prescripciones técnicas.

c) Lugar de presentación:

1. Dependencia: Ayuntamiento de Guntín (Lugo) Registro General.

2. Domicilio: Crta. de Santiago nº 12.

3. Localidad y código postal: Guntín 27211.

4. Dirección electrónica: concellodeguntin@gmail.com.

8.- Apertura de las ofertas:

a) Entidad: Ayuntamiento de Guntín

b) Dirección: Crta. de Santiago, nº 12

c) Localidad y código postal: Guntin 27.211

d) Fecha y hora: El lugar, fecha y hora en la que se celebrará el acto público de apertura de las ofertas presentadas se publicará en el Tablón de Anuncios y en el Perfil del Contratante del Ayuntamiento de Guntín.

9.- Otras informaciones:

Véase el Pliego de cláusulas administrativas y de prescripciones técnicas.

10.- Gastos de anuncios:

Por cuenta del adjudicatario.

Guntín, 04 de abril de 2.016.- El Alcalde, Jesús Carreira Ferreiro.

R. 0986

---

## LUGO

*Anuncio*

**COBRANZA**

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuinte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadroamento, salvo notificación expresa ó Concello doutro diferente. Ó citado enderezo fiscal remitiránse todolos recibos do contribuinte

1. Asimesmo faise saber ós contribuíntes e interesados de que a partir do vindeiro día 20 de abril e ata o 20 de xuño deste ano, ambos inclusive, pónse ó cobro, en prazo voluntario, o padrón de recibos correspondente ó ano 2016, dos tributos que de seguido se relacionan

- **Imposto sobre Bens Inmobles de natureza urbana.**
- **Imposto sobre Bens Inmobles de natureza rústica.**

Para o cobramento dos citados tributos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránlles cargados nas contas bancarias respectivas. A domiciliación do Imposto sobre Bens Inmobles de natureza urbana implicará o seu fraccionamento en dous periodos, de xeito que o primeiro cargo realizarase o día 6 de xuño polo importe do 50 % do recibo e o segundo cargo o día 5 de setembro polo importe do restante 50 % do recibo. A devolución do primeiro cargo por parte da entidade financeira implicará que o suxeito pasivo queda obrigado ó pagamento da totalidade do recibo antes de que remate o periodo voluntario de pagamento, perdendo a posibilidade do seu fraccionamento e do segundo cargo

1. Para o resto dos contribuintes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pagamento en calquera oficina de Abanca,

Caixabank, BBVA e Banco Sabadell . No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla, nº 197- 2º andar (Facenda Local), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 20 de xullo de 2016, utilizando o mesmo recibo, en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell; todo elo sen perxuizo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria

Lugo, 05 de abril de 2016.- A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 0987

---

*Anuncio*

**COBRANZA**

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuinte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadroamento, salvo notificación expresa ó Concello doutro diferente. Ó citado enderezo fiscal remitiránse todolos recibos do contribuinte.

Asimesmo faise saber ós contribuíntes e interesados de que a partir do vindeiro 20 de abril e ata o 20 de xuño do ano 2016, ambos inclusive, pónse o cobro, en prazo voluntario, o padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon da auga correspondente ó primeiro trimestre de 2016

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránlles cargados nas contas bancarias respectivas o día 05 de maio de 2016

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla Nº197-planta baixa (Negociado de Augas), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o dia 20 de xullo de 2016, utilizando o mesmo recibo, en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell; todo isto sen prexuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria

Lugo, 05 de abril de 2016.- A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO Ana Prieto Nieto

R. 0988

---

## MONTERROSO

*Anuncio*

**CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN CON CARACTER TEMPORAL DE UN POSTO DE TRABALLO.**

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de marzo de 2016 aprobáronse as bases e a convocatoria para selección e contratación temporal dun técnico de turismo ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e os Concellos Galegos do camiño francés para actuacións de limpeza e mantemento do camiño francés, e de atención e información ao peregrino

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes**: No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de seis días naturais

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso e na páxina web www.monterroso.es

Monterroso a 5 de abril de 2016.- O Alcalde, Jesús Otero Calvo

R. 0989

## PARADELA

*Anuncio*

Convocatoria en orde á selección de persoal laboral para ocupar, con carácter temporal, dúas (2) prazas de operarios de servizos para actuacións de mantemento e conservación do Camiño Francés ao seu paso por Paradela, a xornada completa por un período de seis meses.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: no Rexistro Xeral do Concello de Paradela, en horario de 9 a 14:30 horas de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos no art. 38 da lei 30/92 de 26 de novembro. Cando as solicitudes se presenten fora do Rexistro do Concello, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir unha comunicación por fax ao Concello (982541232) ou ao correo electrónico concello.paradela@eidolocal.es comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente.

O prazo de presentación será de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. As bases íntegras, así como as sucesivas publicacións, terán lugar unicamente no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web (www.paradela.es).

Paradela, 6 de abril de 2016.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Mato Díaz

R. 0990

---

## O PÁRAMO

*Anuncio*

Aprobado por Decreto de 1/04/2016 o padrón polo servicio de axuda a domicilio do mes de marzo de 2016 por medio do presente exponse ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado se, transcorrido o prazo de exposición pública non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do devandito padrón poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdicción.

O mesmo tempo establécese un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía de constrinxemento.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

En O Páramo a, 4 de abril de 2016.- O Alcalde, Gumersindo A. Rodríguez Liz

R. 0991

---

## SARRIA

*Anuncio*

convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana do casco antigo de Sarria, dentro do Plan Estatal de fomento do alugueiro de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.-

Con data 23/12/2015, a Xunta de Goberno Local do Concello de Sarria prestou aprobación ás bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana declaradas ARI no casco antigo de Sarria, todo elo para os efectos de dar cumprimento aos convenios asinados nesta materia entre o Ministerio de Fomento, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e o Concello de Sarria.

O texto íntegro das bases da convocatoria está a disposición de tódolos interesados na páxina web municipal, e poderá ademais consultarse na concellería de urbanismo do Concello de Sarria, sita na rúa Maior nº 14, 2º andar, en horario de 9:00 a 14:00 horas e en días hábiles. Os anuncios da convocatoria publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello de Sarria e na páxina web municipal.

As solicitudes presentaranse en modelo normalizado no rexistro xeral do Concello de Sarria ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da *Lei 30/1992*, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O prazo de presentación de solicitudes será de 3 meses, e comezará a computarse dende o día seguinte ao da data de publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

En Sarria a 5 de abril de 2016.- A alcaldesa, María del Pilar López Yañez.

R. 0992

Signature Not Verified
Asinado por: BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO
Data: 15.04.2016 08:00:00 CEST
Razón:
Localización: España